



Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
629 571 950
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

Dona Ermitas Valencia Romar
Concelleira de Normalización Lingüística
Concello da Coruña
Praza de María Pita s/n
15001 A Coruña

Benquerida concelleira,

Póñome en contacto con vostede en nome da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para felicitala polo seu recente nomeamento, mais nomeadamente para expresar a nosa satisfacción polo anuncio de próxima creación dun Servizo de Normalización Lingüística no Concello da Coruña.

Desde a CTNL estamos seguras e seguros de que para poder desenvolver e implementar realmente a política lingüística desde a administración local é imprescindible a existencia dun departamento técnico coas funcións xerais de asesorar á administración en todo o relacionado coa política lingüística, de velar polo cumprimento da lexislación e os dereitos lingüísticos e de planificar, xestionar, executar e avaliar accións encamiñadas a incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os sectores da cidade. Por estes motivos, consideramos totalmente acertada a decisión de crear de inmediato un Servizo de Normalización Lingüística (SNL) nesa administración local, a que até o momento se caracterizou por implementar unha política lingüística contraria á normalización da lingua galega.

Consideramos, polo tanto, que a acción normalizadora desde a administración precisa de departamentos técnicos, de SNL estábeis con capacidade de intervención social e dotados de recursos humanos, materiais e económicos, como agardamos que sexa o que se vai crear no Concello da Coruña.

Reitero, pois, os parabéns en nome da CTNL, deséxolle moito ánimo para o desenvolvemento da política lingüística no Concello da Coruña e ofrézolle a colaboración da CTNL para o que considere necesario.

Un cordial saúdo,

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2007